

A ética formal en kant:

o imperativo categórico

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.- Histórica (Ver tema 1 de Kant)

1.2. Cultural e filosófica (Ver tema 1 de Kant)

1.3. Contexto vital e produción filosófica (Ver tema 1 de Kant)

2.- A SEGUNDA CRÍTICA: A CRÍTICA DA RAZÓN PURA PRÁCTICA

Na primeira Crítica, Kant dedicouse a buscar os límites do saber. Limitou o uso da razón cognitiva á esfera da experiencia e rechazou a metafísica como fonte fiable. Pero xa na última parte da CRP augúrase unha necesidade de tratar das grandes ideas metafísicas (alma, mundo e Deus). Na CRPP vai intentar responder á pregunta: “*Que debo facer?*” e dicir, cal é a actuación correcta en cada caso dende o pdv da moralidade. Kant, como ilustrado que é, quere por enriba de todo unha moral laica (non baseada na relixión), senón na razón. Terá, logo, que fundamentala en dúas cousas: o **deber** e a **boa vontade**; e precisará das ideas da razón que desbotou na CRP, para facelo. Isto é o que intenta facer na segunda crítica: **fundamentar teoricamente os nosos actos morais**, elaborar unha “teoría” da moral. A este obxectivo precédenlle dúas suposicións:

- a existencia da liberdade

- a posibilidade de establecer unhas normas fixas: unha “teoría” da moral ou unha **lei moral**

2.1.- O problema da liberdade: Liberdade como condición e fundamento da lei moral

Ao enfrontarse ao problema da moral, Kant observa que no mundo, todo o que sucede atopa a súa determinación fora de si mesmo, nunha causa exterior. Todo acto prodúcese por algo e todo efecto ten unha causa que o encadea. Este é o mundo que describiu na CRP. Entendido así, o universo é unha relación férrea de cadeas causais. Nun mundo determinista, no que todo está decidido, parece non haber cabida para a liberdade. Nun escenario así, carecería de sentido a pregunta polo “que debemos facer” (porque todo está determinado xa), e anularíase toda moral. Nun mundo así a nosa conduta estaría determinada polos elementos da natureza igual que está determinada a caer unha pedra pola lei da gravidade ou a subir a marea pola atracción da lúa. Estes elementos non son libres ao teren causas externas que os determinan.

O reto de Kant, vai a ser tentar salvagardar a liberdade neste universo determinista para poder xustificar a moralidade. É necesario poder escoller entre alternativas e non estar encadeado ao mundo causal da experiencia, se queremos falar de ética. Se no mundo da natureza todo está determinado (como expuxo na CRP), no mundo da ética todo está por decidir. **O pensamento kantiano está entre o determinismo epistemolóxico e a liberdade ética.**

2.2. Máximas e imperativos

No que respecta á Lei Moral, Kant pretende demostrar que existe unha razón pura práctica (sen sometemento á experiencia); é dicir unha “teoría” máis alá dos actos morais concretos. Só neste caso pode haber principios morais válidos para todos os homes sen excepción, é dicir, **leis morais que teñan valor universal**. Kant pretende unha moral con valores universais pero secularizados (que non se escude na relixión); volve a Platón pero sen dualidade ontolóxica. Para Kant os valores non están en ningún outro mundo como modelos ou formas, e tampouco son as ideas divinas; parten do interior do SH, da mesma esencia humana: da racionalidade.

Kant denomina **principios prácticos** ás “regras xerais” que explican as nosas decisións, a aquelas determinacións xerais da vontade das que dependen moitas regras prácticas particulares. Estes principios prácticos divídense en máximas e imperativos:

2.2.1- As máximas son principios prácticos que só se aplican a suxeitos individuais que os propoñen a se mesmos, pero non a todos os homes e, polo tanto, son subxectivos e non universais. Pex. o principio: *"vingarse de todas as ofensas que recibe"*; é unha máxima subxectiva porque só é válido para quen a apoia e non se impón en absoluto a todos os seres racionais.

2.2.2- Os imperativos, son principios prácticos obxectivos e universais (válidos para todos). Os imperativos son **mandatos** ou **deberes**, regras que expresan a necesidade obxectiva dunha acción; algo ineludible que se debe cumprir. Isto significa que: *"se a razón determinase completamente a vontade, a acción sucedería inevitablemente segundo esa regra"*; se non é así é porque as accións humanas non as decide unicamente a razón senón que interveñen os sentimentos e as paixóns.

Kant sinala dous tipos de imperativos: hipotéticos e categóricos.

Os imperativos hipotéticos son os que determinan a vontade só no caso de que queira alcanzar determinados obxectivos, polo que son condicionais, non valen universalmente (se non queres ese obxectivo non valen para ti). A súa fórmula é: *"se queres X debes facer ..."*; só os que queiran X deben facelo ineludiblemente, o resto non.

Os imperativos categóricos son aqueles que determinan a vontade non en vista de obter un determinado efecto que se desexa, senón simplemente como vontade, independentemente dos efectos que poida acadar. A súa fórmula é: *"debes de ... porque debes"*, sen condicións; é un **mandato da razón**. Os imperativos categóricos –e só eles– son leis morais teórico-prácticas e son incondicionalmente válidas para calquera ser racional. Os IC non dependen de nada (autónomos), son universais e necesarios.

Coidado porque esta **necesidade** non é a mesma necesidade que a das leis naturais. Non poden non cumprirse as leis naturais, mentres que as leis morais poden non cumprirse (de feito moitas veces non se cumpre) porque a vontade humana non só está suxeita á razón, senón tamén a inclinacións sensíbeis. En consecuencia, as leis morais poden desobedecerse. A necesidade da lei física consiste na inevitabilidade da súa realización, mentres que a necesidade da lei moral consiste en ser válida para todos os seres racionais sen excepción.

2.3- O imperativo categórico ou a Lei Moral:

Se subordinamos a lei moral ao seu contido, segundo Kant, caeremos no empirismo e o utilitarismo moral, porque neses casos a vontade virá determinada polos contidos (dependendo de se queremos conseguir unha cousa ou outra o mandato será distinto). As “regras” morais deixan de ser universais e volvemos ao relativismo moral.

De que dependerá, entón a lei moral? Nunha lei, se prescindimos do contido, só queda a súa forma. É difícil manter un “contido” moral universal e eterno, por eso Kant di que a esencia do imperativo categórico, é que ten validez en virtude da súa **forma de lei** ("debes porque debes"). O imperativo categórico é un imperativo non suxeito a ningún condicionante. Determina a vontade non á vista de obter un determinado efecto que se desexa, senón independentemente dos efectos que poida acadar. Con isto Kant límitase a trasladar á súa propia linguaxe filosófica o principio evanxélico segundo o cal o que se fai non é moral pola súa finalidade senón pola intención. O que para a esencia da moral evanxélica era a **boa vontade**, en Kant (e debido ao anelo de secularizar a moral) é a adecuación da vontade á forma da lei. Pero a diferenza é abismal porque mentras na primeira o mandato ven de fora e temos que obedecelo (ven de Deus), na segunda ven de min mesmo, da miña esencia de SH, da racionalidade. En resumo: a esencia do imperativo categórico consiste en ordenarme **a min mesmo** que debería querer. Polo tanto, a moral non consistirá no que se fai nin no que se persegue, senón en por que se fai o que se fai. A lei moral é o ditado ineludible da

razón: *"somos morais porque somos racionais e somos racionais só porque somos morais."* Non podemos escapar das nosas faltas.

Kant inclúe varias formulacións do imperativo categórico (algúns autores consideran cinco fórmulas e outros só tres) pero todas pódense reducir á mesma obrigatoriedade que ven da racionalidade:

- *"Obra só segundo unha máxima que poidas querer ao mesmo tempo, que se converta nunha lei universal"*
 - *"Actúa coma se a máxima da túa acción se convertese, pola túa vontade, nunha lei universal da natureza"*
 - *"Obra de tal xeito que a vontade pode considerarse a si mesma, a través da súa máxima, como lexislador universal"*
- . *"Obra de tal xeito que uses a humanidade, tanto na túa persoa como en calquera outra, sempre como un fin e nunca como un medio"*

3.- ÉTICAS MATERIAIS E ÉTICAS FORMAIS

Se analizamos todas as proposicións que conteñen regras para a determinación da vontade, podemos dividilas en dous tipos de éticas posibles: éticas materiais e éticas formais. Kant di que todas as anteriores á súa, forman parte do primeiro grupo e por iso a súa é unha proposta distinta.

3.1.- Éticas materiais (ou heterónomas). As súas proposicións sitúan a nosa actuación en función do obxecto a acadar; o obxectivo é o fundamento da determinación da vontade. Para Kant un obxecto nunca pode ser un principio de determinación porque estes principios son empíricos, non poden proporcionar leis prácticas xa que unha lei para ser tal debe ter unha necesidade obxectiva fundada a priori. Son a posteriori, dependen da experiencia e non permiten a liberdade nin a autonomía da vontade. Son éticas materiais: o eudemonismo, o estoicismo, o hedonismo, a ética cristiana e o utilitarismo.

3.2.- Éticas formais (ou autónomas). As súas proposicións formulan principios formais, principios a priori, representación da lei moral, autonomía e determinación do suxeito, polo tanto, xuízo previo á experiencia. Formulan as súas máximas por respecto á lei, e non en referencia a ningún contido. A autonomía como propiedade da vontade de ser unha lei por si mesma. Non teñen contidos e baséanse só na forma; a súa forma é o imperativo categórico.

3.3.- A autonomía da vontade

Se definimos a liberdade como "independencia da vontade respecto á lei natural dos fenómenos" e como "independencia dos contidos da lei moral", atopamos o que Kant chama "autonomía" (darse a si mesma a súa propia lei). O contrario é a heteronomía, onde a vontade depende doutra cousa que ela mesma, que é a que a determina.

Liberdade, autonomía e formalismo están indisolublemente unidos. Isto non significa, por suposto, que a vontade, cando se determina a si mesma, non considere contido e que a forma da lei moral non teña un contido; senón só que este, nunca pode ser o motivo e a condición determinante. Toda moral baseada no contido compromete a autonomía da vontade, implica que está subordinada ás cousas e, polo tanto, ás leis da natureza. En consecuencia, implican unha heteronomía da vontade. Os seus principios son "materiais" no sentido de que determinan a vontade a través de obxectos ofrecidos ao desexo e, no fondo, sempre propoñen a busca da felicidade a través deles (a felicidade convértese no obxectivo último que rexe os nosos actos). A moral material é **empírica** (e, polo tanto, incapaz de ofrecer principios estritamente universais), **hipotética** nos seus imperativos (son do tipo "Se queres ... entón ...") e **heterónoma** (reciben a lei desde fóra da súa propia razón). Por esta razón, son impotentes para determinar a vontade dun xeito necesario e universal; non conteñen ningunha lei, senón só máximas. Neste tipo de éticas a vontade está comprometida.

3.4.- O ben e o deber

Toda a ética prekantiana dedicouse a determinar que era o ben moral. Despois deduciu del a lei moral que prescribe facer o ben e evitar o mal. Como consecuencia do seu formalismo, Kant vese obrigado a inverter os termos da pregunta: *"O concepto de bo e malo non pode determinarse antes da lei moral, senón só despois dela"*. Isto significa que *"non é o concepto de ben como obxecto, o que fai posible a lei moral e a determina, senón, pola contra, é a lei moral a que determina primeiro o concepto de ben, de xeito que mereza absolutamente ese nome"*. En resumo: a lei moral define e outorga o ser ao ben moral e non viceversa. A única cousa absolutamente boa no mundo é a **boa vontade**, que é actuar só con a intención de facer o ben, sen ningún obxectivo ni con ansia de ningún tipo de recompensa.

Referíndose ao deber, Kant diferencia 3 tipos de actos:

1. Accións contrarias ao deber. No que a vontade está dominada por inclinacións non racionais e, polo tanto, contra o deber; merece a cualificación de acción moralmente mala.
2. Accións conformes ao deber. Estas acontecen cando se actúa de acordo coa lei moral pero non por ela senón por interese. Para Kant, a pesares de ter unha actuación igual, estas accións non se deben considerar accións morais porque teñen un obxectivo; non se está actuando só por boa vontade e por deber.
3. Accións por deber, é dicir, cando se actúa por respecto á lei moral e con independencia dos resultados. Son as únicas accións morais.

4.- OS POSTULADOS DA RAZÓN PRÁCTICA

Aquelas ideas da razón que condenou na CRP por afastarnos do saber fiable (a inmortalidade da alma, a liberdade do mundo e Deus), son recuperados na CRPP. Deixan de ser requirimentos estruturais da razón para converterse en postulados imprescindibles que posibilitan a moral.

Os postulados non son dogmas teóricos, senón supostos. A forza dos postulados radica en que estamos obrigados a admitilos para manter a lei moral e o seu exercicio. Se non os aceptamos, non podemos dar conta da lei moral. E como este é un feito innegable, a realidade deses tamén é innegable.

4.1.- A liberdade. É a condición do imperativo. Non ha lugar para o imperativo categórico nun mundo necesario (no mundo empírico) porque non existe o **deber**. Se todo está determinado, todo está decidido, ningunha actuación por deber ten sentido. Na CRP determinou que o mundo nouménico era necesario e determinado; pero o SH tamén pertence a outra esfera, a esfera moral, e nesa esfera é necesario postular a liberdade. Deste xeito, o home descóbrese a si mesmo como pertencente a dous mundos: por un lado, como fenómeno, recoñécese determinado e suxeito a causalidade mecánica; por outra, descóbrese como intelixible e libre, en virtude da lei moral; o mundo moral é como unha segunda realidade construída polo SH.

4.2. A existencia de Deus. A virtude, que é o exercicio e actualización do deber, é un ben supremo (de feito é o único obxectivo que se permite Kant). A virtude xera felicidade (a felicidade de estar actuando só por deber, cumprindo a lei moral); non actuamos virtuosamente para ser felices pero actuar así comporta felicidade. A virtude, xunto coa felicidade que lle corresponde, constitúe o ben máis alto. Pero, con frecuencia, actuar virtuosamente non garante a felicidade no mundo fenoménico. Non obstante, a procura da virtude fai ás persoas dignas de felicidade e é absurdo ser dignas de felicidade e non ser felices. Este absurdo supérase postulando un mundo intelixible e un Deus, omnisciente e onnipotente, que adapta a felicidade aos méritos e ao grao de virtude. En resumo: a lei moral manda ser virtuoso; isto faime digno de felicidade; polo tanto, é lícito postular a existencia dun Deus que outorga, **noutro mundo**, esa felicidade que corresponde ao mérito e que non se consegue neste mundo. Sen tal postulado habería unha situación absurda, contraria á razón.

4.3. A inmortalidade da alma. O máis alto ben require a "perfecta adaptación da vontade á lei moral". Isto é precisamente o que manda o imperativo. Unha perfecta adaptación da vontade á lei moral é a **santidade** (actuar única e exclusivamente por boa vontade). Agora, ninguén neste mundo pode conseguir a santidade

ou perfección porque esta vida é demasiado curta; *"só se pode atopar nun proceso ata o infinito"; "pero o proceso infinito só é posible se se presupón unha existencia e unha personalidade do ser razoable que tamén duran ata o infinito: a inmortalidade da alma"*. É un xeito inusual de concibir a inmortalidade e a vida eterna (paraíso): non como condición nun certo sentido estático ou polo menos non evolutivo, senón como un aumento e progreso infinito. Para Kant, a inmortalidade e o máis alá, é un achegamento cada vez máis próximo á santidad.

5.- REPERCUSIÓN DA ÉTICA KANTIANA

5.1.- Éticas kantianas

A repercusións da ética kantiana é inmensa, só algúns exemplos:

- **Jürgen Habermas:** a súa **Ética do discurso** propón: unha comunicación entre involucrados, na que se discuten os seus intereses e intencións de todos rexeitando calquera forma de coerción ou manipulación, Habermas cre que o acordo entre as partes é crucial para alcanzar unha decisión moral; os acordos que acaden, se é de todos e libre, terá o valor (actuará como si) fose un concepto universal e necesario.
- **John Rawls:** desenvolveu a súa teoría do contrato social baixo un hipotético **veo de ignorancia** influenciado pola ética de Kant. Rawls argumentou que unha sociedade sería xusta se fora xusta para todos. Para logralo propuxo un momento hipotético antes da existencia da sociedade, no que se ordena a sociedade: esta é a posición orixinal. Isto debería ter lugar desde detrás dun veo, onde ninguén sabe cal será a súa futura posición na sociedade, evitando que as persoas se vexan influídas polos seus propios intereses e garantindo un resultado xusto.

5.2.- Críticas

- **Schiller:** apreciaba a Kant por basear a fonte da moralidade na razón dunha persoa máis que en Deus, pero tamén o criticou por "atacar" a autonomía, xa que a restrición interna da razón tamén lle quitaría a autonomía a unha persoa ao ir en contra da súa sensualidade.
- **Hegel:** afirma que a moral kantiana é só unha extensión do principio de non contradición e carece de contido práctico. Hegel presentou dúas críticas principais á ética kantiana: 1) a ética kantiana non proporciona información específica sobre o que a xente debería facer porque a lei moral de Kant é só un principio de non contradición 2) a ética de Kant obriga aos humanos a un conflito interno entre a razón e o desexo; para Hegel, non é natural que os humanos repriman o seu desexo e subordinéno á razón.
- **Arthur Schopenhauer:** defendeu o papel das emocións, como a compaixón, na ética. Criticou a crenza de Kant de que a ética debería referirse ao que debería facerse, e insistiu en que o alcance da ética debería ser tratar de explicar e interpretar o que en verdade sucede. Mentres que Kant presentou unha versión idealizada do que debería facerse nun mundo perfecto, Schopenhauer argumentou que a ética debería ser práctica e chegar a conclusións que puidesen funcionar no mundo real, capaces de presentarse como unha solución aos problemas do mundo.
- **Friedrich Nietzsche:** criticou o carácter relixioso da ética de Kant. Nietzsche criticou todos os sistemas morais contemporáneos, cun enfoque especial na ética cristiá e kantiana. Argumentou que todos os sistemas éticos modernos comparten dúas características problemáticas: primeiro, fan unha afirmación metafísica sobre a natureza da humanidade, que debe ser aceptada para que o sistema teña algunha forza normativa; e segundo, o sistema beneficia os intereses de certas persoas, a miúdo sobre os doutras.
- **John Stuart Mill:** criticou a Kant por non darse conta de que as leis morais están xustificadas por unha intuición moral baseada en principios utilitarios. Como base para a moralidade, Mill cría que o seu principio de utilidade (que se debe buscar o maior ben para o maior número) ten unha base intuitiva máis forte que a confianza de Kant na razón, e pode explicar mellor por que certas accións son correctas ou incorrectas. Argumentou que a ética de Kant non podía explicar por que certas accións están mal sen recorrer ao utilitarismo.

- **Marxismo:** Karl Marx e Friedrich Engels criticaron a ética de Kant desde un punto de vista sociolóxico ao soste que a moral está baseada nos intereses económicos da clase dominante. Consideraron a moral como produto da base económica da sociedade (superestrutura). O imperativo categórico, ten un carácter *"meramente formal e abstracto"* porque non comprende que *"as normas morais son históricas e que a cada clase social de cada época sonlle inherentes as súas propias concepcións ético-morais"*.

- **Karl Popper:** modificou a ética de Kant e centrouse nas dimensións subxectivas da súa teoría moral. Argumentou que o imperativo categórico non pode xustificarse por natureza racional ou motivos puros. Como Kant presupuña a universalidade e a legalidade que non se poden probar, a súa dedución transcendental falla na ética como na epistemoloxía.

- **Jacques Lacan:** relacionou a psicanálise coa ética kantiana. Comparou a Kant co marqués de Sade. Lacan argumentou que a máxima do goce de Sade —a procura do pracer ou goce sexual— é de moral aceptable segundo os criterios de Kant porque pode ser universalizada.

- **Ayn Rand :** critica a Kant porque a súa moral celebra a xente que se guía polo deber sen importar que queira facer o mal ou o ben, poñendo o exemplo de que un home malvado que non fai maldades polo deber merece máis eloxio que alguén bondadoso que fai o ben por querer facelo e que sente alegría ao facelo, xa que recibe satisfacción por facelo a súa moral é menor que o malvado que se autolimita.